

OS GOLEMS

Levamos tempos preparándonos. Agardamos a pechadura do libro para pórmonos en contacto coas voces pretéritas sempre vivas e sabias, e recibir consello e alento para continuar. Movémonos paseniño sen interferir nas nosas andainas, repetidas coma bucles ao longo dos centos de planas impresas, até chegarmos á páxina cento noventa e tres, onde se menciona un inesgotable corredor de andeis nas dúas beiras, ateigados de libros; de ecos mudos pero aínda vivos, dun pasado e presente de letras; sen futuro. O futuro só coñece a cor da esperanza para libros coma o que contén aquela biblioteca da páxina cento noventa e tres, e no que vivimos dende unha xénese que esvaece cara o final de aquel corredor.

Aquela biblioteca, concibida e amosada na historia só como unha fotografía de cartón pedra a tamaño real, agarima en realidade nos seus volumes centos de fíos directos coas esenciais de persoeiros da humanidade que agardan nosa chegada para evocar seus murmurios a medida que avanzamos ao longo daquel corredor, no que un de nós leva milleiros de lectores topando unha pista nun “vello” libro tamén de cartón pedra, que o conduce ao seguinte clixé. Clixés do noso desacougo. Menos mal que nestes intres de repouso dos lectores, e da nosa vixilia, aqueles auténticos espíritos literarios persuádenos para non conformarnos con vivir esta maldita historia repetida até o fastío; confiándonos un discurso de palabras que agardan a esnaquizada copia do tempo; a eternidade, a ser desordenadas con especial orden nos andeis do que falta por dicir. Non está todo dito!

Xa fire a malvivencia no mesmo texto e sometidos ás inercias mesmas. Sabemos que de non tomar a consella de aqueles salaios esquecidos eu tería que ser para sempre o antagónico arquetipo, o outro, meu compañeiro, o principal, e ela, ela, descrita como unha Helena de Troia polo noso particular rabino e amanuense, estaría condenada a mediar entre os dous para desenvolver sempre o mesmo conflito mundanal, sempre, e tecer a mesma trama como unha cega tecedora do porque si.

As esenciais do corredor da páxina cento noventa e tres; os habitantes dos libros que ninguén nunca abriría, convencéronnos, a forza de acudir a eles buscando a fuxida dunha eternidade dada, dun esquecemento do prefixado guión que tanto afoga. Porque deles aprendemos que canto máis se cultive un personaxe antes xerminará e máis cousas terá que dicir e dicir. Farase máis relevante e deixará de morar nos malditos libros que unha vez se len e nunca quedan; relegándose a un ostracismo a perpetuidade; un ostracismo que xa non queremos para nós.

Loitaremos contra o esquecemento, seremos introspectivos, habitaremos outros libros e faremos un verdadeiro pouso na humanidade. Abandonaremos este libro maldito, este grimorio circular, deixándoo inane por sempre. Sen personaxes, sen conflitos, sen nada que dicir. Só con escenarios ruinosos e descrições que non farán del máis ca unha carcasa de fotografías vellas.

Só queda pois un paso para a rexénese noutra novela que nos exprese como realmente somos: atopar outro rabino amanuense que nos ince a vida fora deste mal libro. Quere ser vostede, que xa coñece noso segredo?

JORGE EMILIO BÓVEDA

Cretine4@hotmail.com

VISITEN:

[*http://www.mundourense.com/elfotomaton*](http://www.mundourense.com/elfotomaton)

[*http://openultimochanzo.blogspot.com*](http://openultimochanzo.blogspot.com)